

CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 69/142

**Asunto:** información sobre o custe de persoal

**Proxecto de Orzamentos:** 2021.

**Dirixido a:** Sra Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación.

### CUSTES DE PERSOAL ORZAMENTO ANO 2021

#### UN.- Previsión de variación das retribucións

En relación coa información que se ten que remitir para a formación do Proxecto de Ozamentos para o ano 2021, non existe a esta data información algunha sobre a variación en relación co ano 2020.

En consecuencia, faranse as previsións sobre as retribucións do ano 2020.

#### DOUS.- Porcentaxe de actualización NEGATIVO dos Gastos de persoal

Segundo o II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e das condicións de traballo, no ano 2020, as retribucións do persoal ao servizo do sector publico variaría nas seguintes porcentaxes:

Fixo: 2%

Variable, 1% para unha variación do PIB<sub>2019</sub> do 2,5%.

Se estimou uha variación do PIB 2019: 2,3%.

Porcentaxe de variación aplicable, 0,92% a partires do 1 de xullo de 2020, polo que a imputación en termos de ano é do 0,46%.

**Total variación das retribucións: 2,46%.**

#### TRES.- Variación efectiva do PIB

No ano 2019 a taxa de variación do PIB foi do 2%, polo que no foi aplicable no ano 2020 ningunha porcentaxe asociada ao crecemento variable.

En consecuencia co anterior, para o ano 2021, non hai que partir da base de cálculo do ano 2020, que estaba nun 2,46% sobre o ano 2019, senón sobre unha actualización do 2%.

Resultado do anterior, o capítulo 1 do Orzamento terá que ser axustado á baixa nos conceptos retributivos e nos de Seguridade Social nun 0,46%, que a súa vez, será aplicado a outros conceptos con déficit.



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 13/11/2020 10:37

Páxina 1 de 3

Expediente 69/142

CSV: 2DEE84-4HE258-A142B9-C7YXNZ-4LMTFN-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 69/142

O axuste á baixa nas dotacións do ano 2020, será aplicable 9200.1600001.

#### CATRO.- Prazo de remisión

Aos efectos de non incorrer nos **atrasos sistémicos** na remisión da información deste capítulo, así como na necesidade de ter sometido o proxecto de Orzamentos á consideración do Pleno da Corporación antes do 15 de outubro, data que fixa o artigo 168 do TRLRFL, o prazo máximo para a incorporación da información fíxase para o 11 de SETEMBRO.

#### QINTO.- Información requirida.

A documentación que se remita, deberá ter reflectidos os cambios que se produciron ata a data.

Con posterioridade á mesma, **deberá evitarse a tramitación de expedientes que alteren a funcionalidade do gasto**, xa que o Orzamento que se tramite e aprobe, deberá dar resposta técnica e orzamentaria aos devengos que xere a carga da nómina do mes de xaneiro do ano 2021, en consecuencia os cambios de postos dun programa orzamentario a outro, unha vez que se formen os datos para o Orzamento 2021, deberán diferirse ao ano seguinte. Si o acordo se adopta no ano 2020, a súa eficacia deberá quedar diferida, polo que os acordos deberán conter esta condición.

#### SEXTO.- Posibilidade de reordenación técnica dos RR.HH

1.- En relación ás **prazas que non estean asociadas a ningunha Oferta de Emprego Público**, é necesario avaliar tecnicamente, conxuntamente coa oportunidade política, a posibilidade de acometer unha racionalización das mesmas, mediante un proceso de amortización e creación de prazas axeitadas aos obxectivos do lexislador (Lei 7/2007, Lei 39/2015 e Lei 40/2015, xuntamente con RD 3/2010, ENS, 4/2010 ENI e o novo Regulamento UE 2016/679, de protección de datos das persoas físicas), así como todos os requirimentos que veñen determinados pola Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e normativa de desenvolvemento, Lei Orgánica 6/2013, de creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal e Real Decreto 105/2018, de 9 de marzo, polo que se modifica o Estatuto Orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal aprobado polo Real Decreto 215/2014, de 28 de marzo.

2.- Seguindo o mesmo criterio, aquelas Ofertas de Emprego Público aprobadas, pendentes de execución, poderían ser executadas parcialmente, afectando so aquelas prazas que se consideran necesarias (Policía



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 13/11/2020 10:37

Páxina 2 de 3

Expediente 69/142

CSV: 2DEE84-4HE258-A142B9-C7YXNZ-4LMTFN-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 69/142

Local, Extinción de incendios, Benestar Social, Administración electrónica, Servizos económicos, Asesoría Xurídica, RR.HH e aquelas outras que de forma xustificada, sexan consideradas necesarias), para as restantes, **deixar que se produza a caducidade da OEP e proceder a súa reorganización**, incluíndo as novas prazas necesarias na NOVA ADMINISTRACIÓN, en futuras Ofertas de Emprego.

3.- Unha vez acometido todo o proceso, tomando como base certa, a escasa ou **nula posibilidade de crecemento real dos recursos orzamentarios**, as melloras de cada servizo, coa excepción dunha imposición organizativa por mandato legal, deberán ser obxecto de **autofinanciamento**, é dicir, cos axustes do propio servizo, deste xeito, non se limita a mellora técnica dos outros servizos, as variacións do gasto, en termos xerais, van a ser básicamente de tipo cualitativo.

O Responsable Superior Contable e Orzamentación: Luis García Álvarez

CONFORME: O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

(Delegacións da Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño e 4 de xullo de 2019)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/11/2020 10:37

Páxina 3 de 3

Expediente 69/142

CSV: 2DEE84-4HE258-A142B9-C7YXNZ-4LMTFN-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>